



**Contacto:**

Concello de Naron  
naron@naron.es | Tel. 981 33 77 00  
Plaza de Galicia, s/n - 15570 - NARÓN

## Requisitos de participación

- Pertencer ao termo municipal de Narón.
- Dispor dun espazo de horta e/ou xardín no que colocar o composteiro en contacto coa terra.
- Comprometerse a facer un uso responsable dos materiais aportados e facilitar o seguimento por parte dos técnicos especialistas na materia.

OS VECIÑOS E VECIÑAS INTERESADOS EN PARTICIPAR NO PROGRAMA DE COMPOSTAXE DEBEN POÑERSE EN CONTACTO CO CONCELLO DE NARÓN E FACILITAR OS SEGUINTES DATOS:

- NOME E APELIDOS
- DNI
- TELÉFONO DE CONTACTO
- ENDEREZO

A selección dos participantes será por orde de solicitude.



## CAMPAÑA DE COMPOSTAXE DOMICILIARIA PARA PROMOVER A RECICLAXE DA FORSU EN ORIXE

Axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de accións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020.



---

## CAMPAÑA DE COMPOSTAXE DOMICILIARIA PARA PROMOVER A RECICLAXE DA FORSU EN ORIXE

---



### Obxectivos da campaña de compostaxe

- 1) Fomentar a compostaxe destinada a vivendas unifamiliares e grandes xeradores (centros educativos, comercios, etc.)
- 2) Sensibilizar na necesidade de realizar unha correcta separación de residuos en orixe.
- 3) Mellorar a eficacia da recollida selectiva reducindo a porcentaxe de impropios.
- 4) Concienciar e implicar á veciñanza sobre o respecto polo medio ambiente e a xestión responsable dos residuos.

### Sabías que...

Nas nosas vivendas xeramos aproximadamente 1,1 kg de residuos por habitante e día dos cales o 42% é materia orgánica que se pode reciclar e transformar en compost nos nosos propios domicilios.

Coa tua participación no proxecto **recibirás de forma gratuita** un composteiro e o material necesario para a elaboración de compost.

### Que é a compostaxe?

A compostaxe é unha práctica tradicional que permite converter os biorresiduos un produto fertilizante de alta calidade denominado compost.

### Que depositar no composteiro?

Para obter un bo compost precísanse restos orgánicos o máis variados posible.

#### Pódese depositar

Restos da cociña: Restos de froitas e verdura, carne e peixe, cascas de ovos e froitos secos, pousos de café, pan, arroces, pastas, etc.

Pequenos restos do xardín e da horta: Follas, herba, restos de poda, restos da colleita da horta, serraduras de madeira natural, etc.

#### Non se pode depositar!

Cueiros desbotables, revistas ou papeis impresos a cor, cabichas, metais, vidro, varreduras da casa, etc.

